

NAMORADIÑAS DO VENTO
DÚAS GAIVOTAS ANDABAN.
CANDO O VENTO LLES SORRÍA,
AS GAIVOTAS TOLEABAN.
(“Ventos”. Antonio García Teijeiro.)

LÚA, LUEIRA,
ROSA DO CEO,
TOCO O TEU CORPO
¡CANTO TE QUERO!
(“Lueiro de papel”. Antonio García Teijeiro)

MENTRES O VENTO ZOABA,
DOUS REISEÑORES DE PRATA
ÍAN DE ACÁ PARA ALÓ
POLO CEÍÑO DA PRAZA.

CANDO O VENTO REMATOU
DE DICIR ROUCAS PALABRAS,
OS REISEÑORES, FELICES,
ACOMPAÑÁRONO Á FRAGA.

("Ventos". Antonio García Teijeiro.)

UN RATO DÍXOLLE Á LÚA:
-"NUNCA REPARAS EN MIN,
POR ISO VIVO NA RÚA
METIDO NUN CALCETÍN."

ELA FITOUNO ABRAIADA.
DÉRONLLE GANAS DE RIR.
DAQUELA APAGOU A LÁMPADA
E DISPÚXOSE A DURMIR.

POLO DESPREZO DA LÚA
O RATIÑO, ALPORIZADO,
BERROULLE CON MOITA FORZA:
-"XA NON ESTOU NAMORADO!"
("Lueiro de papel". Antonio García Teijeiro.)

AQUELA CASA DE PEDRA
HABÍTANA AS ANDORIÑAS.
ALÍ XANTAN, BEBEN, BAILAN;
ALÍ VOAN, CHORAN, PÍAN.
("Coplas". Antonio García Teijeiro.)

UNHA VELLA TIÑA UN RATO
NUNHA CAIXIÑA METIDO;
CON ELA DEU UN RAPAZ
E NUNCA VOLTOU AO SITIO.
("Coplas". Antonio García Teijeiro.)

AQUEL PAXARIÑO ERA TAN LINDIÑO,
VIÑA DE VALENCIA, DA BEIRA DO RÍO.

- E COMO LLE CHAMAN?
- CHÁMANLLE PEPIÑO.
- AI, QUE RICO NOME TEN O PAXARIÑO!
(“Arrolos”. Palmira G. Boullosa.)

OS PEIXES DA FONTE

TRES PEIXES DE OLLOS NEGROS
MIRABAN PARA MIN,
BAIXO A TONA DAS AUGAS
DA FONTE DO XARDÍN.

OS LOMBOS DE OURO E PRATA
RECOLLIÁN O SOL
E O AIRE A ESTREAR RISAS
NOS NENOS DE ARREDOR.
(“Ondas de verde e azul”. Ana M^a Fernández)

BOLBORETA

BOLBORETA, BOLBORETA,
BOLBORETA APARECIDA,
LUCINDO MANTÓN DE FESTA
NA CAMPOSA FLORECIDA.

VOLVE, VOLVE, BOLBORETA;
VOLTANDO, XIRANDO, VIRA
COMO UNHA GOTA DE ORBALLO
QUE NACEU NA AMAÑECIDA.

LEVAS VESTIDO DE CORES,
ARRECENDES A HERBAS FINAS,
DACABALO DO IRMÁN VENTO,
CABALGAS TOXOS E LILAS.

VOLVE, VOLVE, BOLBORETA,
AO MEU XARDÍN DE VISITA.

("Ondas de verde e azul". Ana M^a Fernández)

OS LAGARTOS

OS LAGARTOS VAN MARCHAR
E CHORAN DESCONSOLADOS;
SEN CANCIÓN VERDE XA QUEDAN
AS PEDRIÑAS DOS VALADOS.

AI!, LAGARTOS, MEUS AMIGOS,
VERDE CANTAR DAS PAREDES,
NO LOMBO E MESMO NOS OLLOS,
COR DE CAMPO E LAMA TEDES.

LAGARTIÑOS, NON MARCHEDES;
MIRADE QUE AÍ VÉN O SOL,
CO SEU FEIXIÑO DE RAIOS
FARAVOS UN COBERTOR.

("Ondas de verde e azul". Ana M^a Fernández)

NO REGO DO PRADO CANTA A COTOVÍA
-PAXARIÑO AMADA QUE CHE BEN QUERÍA-

NO RAMO FROLIDO O MERLO A CANTAR
-PAXARO BELIDO PARA O TEU OLLAR-

NO VERDE LOUREIRO TROBA O REISEÑOR
-PAXARO LIXEIRO PARA O TEU AMOR-

(A CANTAR, ESPANTAN OS MALES DA PENA,
PORQUE TODOS CANTAN
PARA A MIÑA NENA)

("Roseira do teu mencer".
Xosé M^a Álvarez Blázquez)

O AÑO PITAÑO VAI NO PARAÑO.
A CABUXA LUXA MARCHOU ONDA A BRUXA.
O GATO CEGATO FUXIU AO BURATO.

O COELLO VELLO ANDA NO CORTELLO.
O GALO RALO RUBIUSE NO VALO
I A GALIÑA TIÑA ESTÁ NA COCIÑA.

ANDA, NENIÑA, DÉIXAOS ESTAR,
E IMOS BRINCAR COAS CUNCHAS DO MAR.
("Roseira do teu mencer".
Xosé M^a Álvarez Blázquez)

O MERLO POETA

DA GORXA ALGAREIRADO MERLO LANZAL
FUXÍAN AS HORAS COLLIDAS DAS MANS.

COAS SÚAS MUIÑEIRAS E OS SEUS ALALÁS
A TODAS AS MERLAS ÍA NAMORAR.

NO PÓLA MÁIS ALTA DO MEU SALGUEIRAL
MORREU O POETA: NO PAPO, NIN GRAN!

("Roseira do teu mencer".
Xosé M^a Álvarez Blázquez)

A ONDE VAS?

- CÓBREGA, A ONDE VAS?
- POLA BEIRIÑA DO RÍO CHEGAREI
A ONDE ESTÁ O MAR.
- RANCIÑA, A ONDE VAS?
- CHOUTANDO CARA A LAGOA
NA QUE QUERO BATUXAR.
- CURUXA, A ONDE VAS?
- VOANDO VOU POLO AIRE
PARA CHEGAR AO PALMEIRAL.
(“Cantarolas”. Anisia Miranda.)

DE PASEO

AÍ VÉN A CARACOLA PASO A PASIÑO;
NON A APUREN QUE TRAE CONSIGO AO FILLO.

ELA VAI CHURRUSQUEIRA, VAI MOI GARRIDA;
LEVA UNHA FLOR MOI BRANCA :A MARGARIDA.

O FILLO PEQUERRECHO TÉMELLE AO SOL
E LEVA DE SOMBRILLA UN XIRASOL.

("Cantarolas". Anisia Miranda.)

A ARAÑA TECE

NOS MILLEIRAIS CON MOITA MAÑA,
PUNTOS DE PRATA TECÍA A ARAÑA.

TEA DE PRATA CON NÓS MOI ROXOS...
UNS, APERTADOS E OS OUTROS FROUXOS.

DE NOITE E DÍA CRECE A MARAÑA,
UN LONGO ENCAIXE TECEU A ARAÑA.

NOS MILLEIRAIS CON MOITA MAÑA,
PUNTOS DE PRATA TECEU A ARAÑA.

("Cantarolas". Anisia Miranda.)

CANCIÓN DA TARTARUGA

TEÑO GANAS DE BAÑARME
NA AUGA MORNA DO RÍO,
NA BEIRA, QUE É MENOS FONDA,
CAMIÑANDO SEGUIDIÑO.

HAI UNHA RANCIÑA LEDA
NA OUTRA BANDA DO RÍO,
ATOPAREIME CON ELA
CAMIÑANDO SEGUIDIÑO.

XUNTAS, COMA BOAS AMIGAS,
NADANDO, CANTANDO, RINDO,
DIVERTIRÉMONOS MOITO
BATUXANDO SEGUIDIÑO.

("Cantarolas". Anisia Miranda.)

FORMIGAS

UNHA FORMIGA LEVA,
OUTRA FORMIGA TRAE.
TODAS XUNTAS CARREXAN E CARREXAN.
TRALARAI.

O MONTE PONSE ESCURO
CANDO A NOITIÑA CAE
PERO SEGUE A MEDRAR O FORMIGUEIRO.
TRALARAI.

ESTÁN LEDAS POR TEREN
TRAS DE TANTO FAI, FAI,
UNHA CASA DE SEU FEITA POR TODAS.
TRALARAI.

("Cantarolas". Xosé Neira Vilas)

A XOANIÑA ANDEIRA

SOBRE O LOMBO DO REGUEIRO
NAVEGA UNHA XOANIÑA
NUNHA FOLLA DE SALGUEIRO.

VAISE DO EIDO NATIVO.
QUERE TER DIANTE DOS OLLOS
PAISAXES QUE NUNCA TIVO.

DENDE O INTRE QUE EMBARCOU
SENTE UNHA FONDA MORRIÑA
DO PRADO ONDE SE CRIOU.

MENTRES DEIXA ATRÁS O VAL
VAI DICINDO POLO BAIXO:
"VOLVEREI AO SALGUEIRAL".

E UNHA MAÑÁ RAIOLEIRA,
POR ENTRE VIMBIOS E FENTAS
VOLTOU A XOANIÑA ANDEIRA.

("Cantarolas". Xosé Neira Vilas)

HISTORIA DUN GRILO

CANTABA O GRILO NO MONTE
O SEU LEDO CRI, CRI, CRI,
ENTRE HERBIÑAS E RAMALLOS MOI FELIZ.

DESPOIS FOI A UNHA LAREIRA
PRETO DO LUME SOURIL,
E DE NOVO O SEU GRILEO FIXO OUVIR.

PERO UN RAPAZ ENCERROUNO
NUNHA GAIOLIÑA GRIS
E ACABOUSE A CANTARUXA DO CRI, CRI.

MAIS O GRILO TANTO FIXO
QUE UN DÍA LOGROU SAÍR
E OUTRA VEZ ANDA NO LERIO CANTARÍN.
("Cantarolas". Xosé Neira Vilas)

LA URRACA

LLEGA LA URRACA CERCA,
CERQUITA DE LA MAR.
PERO EL MAR NO SE DEJA
NI QUERER NI ROBAR.
NI SIQUIERA TAN SOLO
PARA VOLAR.

(Rafael Alberti)

NANA DE LA CIGÜEÑA

QUE NO ME DIGAN A MÍ
QUE EL CANTO DE LA CIGÜEÑA
NO ES BUENO PARA DORMIR.

SI LA CIGÜEÑA CANTA
ARRIBA EN EL CAMPANARIO,
QUE NO ME DIGAN A MÍ
QUE NO ES DEL CIELO SU CANTO.

(Rafael Alberti)

NANA DE LA CABRA

LA CABRA TE VA A TRAER
UN CABRITILLO DE NIEVE
PARA QUE JUEGUES CON ÉL.

SI TE CHUPAS EL DEDITO,
NO TE TRAERÁ LA CABRA
SU CABRITILLO.

(Rafael Alberti)

PARÁBOLA

ERA UN NIÑO QUE SOÑABA
UN CABALLO DE CARTÓN.
ABRIÓ LOS OJOS EL NIÑO
Y EL CABALLITO NO VIÓ.

CON UN CABALLITO BLANCO
EL NIÑO VOLVIÓ A SOÑAR;
Y POR LA CRIN LO COGÍA...
¡AHORA NO TE ESCAPARÁS!
(Fragmento. Rafael Alberti).

PAPAGAYO VERDE,
LORITO REAL,
DI TÚ LO QUE SABES
AL SOL QUE SE VA.

(Rafael Alberti)

A ABELLA VELLA VAI E VÉN.
NON FAI MEL, PORQUE ESTÁ CANSA.
CALCETA XERSEIS DE RAIAS
PARA OS NETOS ABELLÓNS.

A ABELLA VELLA VÉN E VAI.

NON VOA, ABOA CANSA.

VIAXA REPANCHIGADA

NO LOMBO DUN AVIÓN.

(Gloria Sánchez)

O DRAGÓN, O DRAGÓN DORME NUN POZO.
LEVÁNTASE POLA ALBADA,
ALMORZA CON ENSALADA.
LOGO CORRE POLO MONTE
CON ZAPATÓNS DE DEPORTE.

¡¡ATCHUIIISSS!!
-É UN ESPIRRO BESTIAL-
SAE LUME E MOITO FUME
POLO NARIZ ANIMAL.

SAEN VOANDO OS PAXAROS,
OS RAPOSOS, CHAMUSCADOS.
AS TOUPAS NON MIRAN BEN...
¡CHOSQUIÑA ! ¡CORRE, MULLER !

E O XIGANTE DRAGANTÓN
BÁGOAS VERDES, XEME-XEME :
- ¡OU!
¡CANTA QUEIMA, CANTO MAL
POR UN CATARRO NASAL!

(Gloria Sánchez)

A POBRE DA PITA SENTADA NO NIÑO,
CAMISA RACHADA, CHORABA E CHORABA.

E FÍXOSE UN RÍO, E FÍXOSE UN MAR.
O GALO PROTESTA, NON SABE NADAR.

E FÍXOSE UN MAR, E FÍXOSE UN RÍO.
OS PITOS PIABAN ENXOITOS DE FRÍO:
- ¡PARA XA, MAMÁ!

A PITA CHOCA XA NON CHORA.
SOBE A UNHA CAIXA
E MARCHA REMANDO:
- ¡ADEUS, ZONGALO!

(Gloria Sánchez)

O LOBO FERROZ, DE VERÁN.
BAIXA DA SERRA
E VERANEA.
SOBE NUNHA GAMELA
E AXEXA.

AS OVELLAS PASAN
-MOITA CREMA NA CARA-
FACENDO "SURFIN" NUNHA TÁBOA.
(Gloria Sánchez)

QUERIDO OSO PELUDO
XA VÉN O FRÍO.
POÑA O ABRIGO!
POÑA O ABRIGO!

QUERIDO OSO PELUDO
XA VÉN O VENTO.
MÉTASE DENTRO!
MÉTASE DENTRO!

(Gloria Sánchez)

UN CROCODILO PEQUENO
FOI MERCAR UN PAPACHÚS.

- CANTO CUSTA ESTE DE MENTA?
- UNHA PESETA.

BOTA CONTAS. SUMA, RESTA...
A MOEDA NON LLE ALCANZA.

- DÉAME SÓ UN CHUS...
- ... SEN PAPA.

(Gloria Sánchez)

A POMBIÑA BRANCA
QUERÍA IR Á ESCOLA.
MERCOU CATRO LIBROS,
UN LAPIS E GOMA.

A POMBIÑA BRANCA
XA SABE SUMAR,
O LIBRO DAS LETRAS
DENDE O PÉ AO PA.

A BRANCA POMBIÑA,
A BRANCA, REBRANCA,
A QUE BRINCA E CANTA,
NON SABE VOAR.
¡IAI, SE ME APRENDERÁ!

(Gloria Sánchez)

A XIRAFÁ -COMO É TAN ALTA-
PARE DE PÉ.

O BEBÉ, AO CAER,
LEVA UN CROQUE NO COCOTE.

- PERO, ESTO QUE É?

- É NATURAL.

- ...QUE RABIA ME DÁ ESTA NATUREZA!

- LEVANTA A CABEZA E BOTA A CORRER!

A XIRAFÁ TROTA, PATILONGA.
DETRÁS, O RECÉN, A MÁIS NON PODER.

(Gloria Sánchez)

CARACOL

CARACOL, COL, COL,
CARACOL, CARACOLEIRO:
¡PON OS TEUS CORNOS AO SOL
XA QUE ES TAN FRIOLEIRO!

AO LOMBO LEVAS A CASA,
CARACOL, CARACOLEIRO:
E DEIXAS CINTAS DE SEDA
ENGALANANDO O CARREIRO!

CARACOL, COL, COL;
CARACOL, CARACOLÓN:
PON OS TEUS CORNOS AO SOL,
AO SOL OS TEUS CORNOS PON!

(Manuel María)

O MEU BURRIÑO

ARRE, CORRE,
MEU BURRO TROTÓN,
MEU BURRIÑO MANSO,
MEU BURRIÑO BO!

CORRE, MEU BURRIÑO;
NON GALOPES, VOA!
A VER SE LLE GAÑAS
AO VENTO QUE ZOA!

(Manuel María)

O GALO

EU TEÑO UN GALO GALEIRO,
BOA CRISTA E BO ESPORÓN.
O MEU GALO É FACHENDOSO,
ARRISCADO E PELEXÓN...!

EU TEÑO UN GALO GALEIRO,
QUE TEN A CRISTA ENCARNADA,
POLAINAS CON MEDIA BRANCA
E PEITUGA COLORADA.

EU TEÑO UN GALO GALEIRO,
FANFARRÓN E PRESUMIDO.
ANDA CON PASO SEGURO
E CO CORPO MOI ERGUIDO!

(Manuel María)

SEÑOR GATO

SEÑOR GATO: ATENCIÓN;
NO RINCÓN HAI UN BURATO;
NO BURATO ESTÁ O RATO
CALADIÑO, ACOCHADIÑO,
SEN FALAR NIN RESPIRAR.

SEÑOR GATO, PON SENTIDO,
QUE METIDO NO BURATO
ESTÁ O RATO.

SEÑOR GATO: ESTÁ O RATO
NO BURATO DO RINCÓN:
TEN NUN PUÑO O CORAZÓN!

(Manuel María)

O LOBO

VÉN O SEÑOR LOBO
-QUE MEDO, NENIÑO-
POLO MONTE ABAIXO
E ASUSTA O CAMIÑO!

TRAE LUME NOS OLLOS;
NOS DENTES COITELOS
TAN BEN AFIADOS
QUE DÁ MEDO VELOS!

(Manuel María)

O GRILO

O GRILO CANTA NO LAR,
TAMÉN CANTA NA CAMPÍA.
CANTA CO SOL QUEIMADOR
NAS HORAS DO MEDIODÍA!

O GRILO TAN PEQUENIÑO
COAS ÁS TAN DELICADAS,
CO SEU TRAXE DE COR MOURA
E AS SÚAS ANTENAS DELGADAS. !

(Manuel María)

O CORVO

GRAZNA O SEÑOR CORVO
MOURO E AGOREIRO,
NA XEADA FRÍA
DO MES DE XANEIRO.

GRAZNA O SEÑOR CORVO
CON GRAZNAR INQUEDO:
E A SÚA VOZ É UN AGOIRO
QUE NOS METE MEDO!.

(Manuel María)

O MERLO

O SEÑOR MERLO LARPEIRO
NA PÓLA MÁIS ALTA ESTÁ.
ESTÁ SUBIDO Á CERDEIRA
E DELA NON BAIXARÁ!

ESTÁ COME QUE TE COME,
NON TEN TRAZAS DE PARAR.
O SEÑOR MERLO LARPEIRO
SEN CEREIXAS NOS HA DEIXAR!.

(Manuel María)

O CARRIZO

O CARRIZO, CARRICEIRO;
O CARRIZO, CARRIZÓN.
O CARRIZO PEQUENEIRO
DO TAMAÑO DUN BOTÓN!

O CARRIZO FAI O NIÑO
MOI REDONDO, BEN LOUSADO.
O CARRIZO PEQUENIÑO!
O CARRIZO CARRIZADO!

(Manuel María)

ANDORIÑAS

GUIADA DA MAN DUN SOÑO
A PRIMAVERA CHEGOU.
E TODAS AS ANDORIÑAS
NO CEO AZUL CONVOCOU!

TODO É VOAR E VOAR
E ANDAR DE AQUÍ PARA ALÁ.
TODO NUN IR E NUN VIR
DENDE AQUÍ, DENDE ACOLÁ!

(Manuel María)

O CUCO

CANTA CUCO OU CALA CUCO:
EU EN TI XA NON CHE CREO
DESQUE SEI QUE VAS POÑER
O TEU OVO EN NIÑO ALLEO.

DESDEIXADO E PREGUICEIRO,
TAN SÓ PENSAS EN FOLGAR.
SOAMENTE DIS DÚAS NOTAS
E XA TES QUE DESCANSAR!

(Manuel María)

O PARDAL

O PARDAL É MOI HUMILDE.
MOI HUMILDE E POBRETÓN.
SEMPRE ANDA PÍA, PÍA
SEN DICIR UNHA CANCIÓN!

O PARDAL É MOI HUMILDE
E ANDA SEMPRE MAL VESTIDO.
E NON TEN PORTE FERMOZO
NIN VISTOSO COLORIDO.!

O PARDAL VISTE DE GRIS,
O PARDAL VISTE CINCENTO.
O SEU TRISTE PÍO, PÍO,
NON TEN AIRES DE LAMENTO?

(Manuel María)

AS PEGAS

ESTÁ A PEGA VELLA,
COMO UNHA SEÑORA,
RIBA DUN RAMALLO
CANTANDO A DESHORA.

A PEGA CARNICEIRA,
VESTIDA DE LOITO,
QUIXERA MERENGUE,
QUIXERA BISCOITO.

A PEGA CARNICEIRA
BISCOITO NON TEN
E COME CARNIZA
QUE NON CHEIRA BEN!

(Manuel María)

A PITA CHOCA

A SEÑORA PITA
LEVA A SÚA ROLADA
COMO UNHA SEÑORA
MOI SEÑOREADA.

-PÍO, PÍO, PÍO...
CADA PÍO UN CHORO.
OS PITIÑOS PÍAN
EN PIANTE CORO!

(Manuel María)

A VACA

A SEÑORA VACA
TRABALLA SEN FASA,
MANTÉN A SÚA CRÍA,
DÁ LEITE PRÁ CASA.

A SEÑORA VACA
NON DÁ DESCANSADO,
TIRA POLO CARRO
E ARRASTRA O ARADO.

A SEÑORA VACA
TEN A COLOR TEIXA,
SÓFRECHE EN SILENCIO,
PERO NON SE QUEIXA.

(Manuel María)

A LEBRE

CORRE, LEBRE, CORRE, LEBRE,
E FUXE PRÓ TEU BURATO
ONDE TE ESTÁ AGARDANDO,
CON IMPACIENCIA, O LEBRATO.

CORRE, LEBRE; LEBRE, CORRE,
QUE TE SEGUE O CAZADOR
COA SÚA ESCOPETA CARGADA
E O SEU GALGO CORREDOR.

CORRE, LEBRE; LEBRE, CORRE,
CORRE QUE TE CORRERÁS,
QUE SE LLE FOXES AO GALGO,
DO CAZADOR LIBRARÁS...!

(Manuel María)